

O Parlamento acolle unha mostra conmemorativa do 50 aniversario da Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade Intelectual (ASPAS)

- **Santalices enmarca esta actividade na vocación de apertura do Parlamento "a toda a sociedade"**
- **A Oferta de Emprego Público do Parlamento para este ano reserva unha praza a persoas con discapacidade intelectual**

Santiago, 23 de outubro de 2017.- A Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade Intelectual (ASPAS), fundada en Santiago en 1967, celebra este ano o seu medio século de vida que recordan nunha exposición que hoxe abriu as súas portas no Parlamento de Galicia, onde poderá visitarse durante nestes días.

A mostra foi inaugurada este mediodía nun acto presidido polo titular da Cámara, Miguel Ángel Santalices Vieira, e no que tamén interveu o presidente da ASPAS, Marcelo de la Cruz Luzón. Participaron nos actos deputadas e deputados dos catro grupos parlamentarios así como vicepresidente e a secretaria da Mesa da Cámara.

Parlamento aberto

Santalices Vieira recoñeceu que non é frecuente que o Parlamento acolla actividades que non gardan relación directa coa función legislativa, pero apuntou que a Cámara debe esforzarse por abrirse "a toda a sociedade" e subliñou que "é unha honra" albergar esta iniciativa no Pazo do Hórreo.

O presidente da Cámara animou tamén aos asistentes ao acto inaugural a coñecer e utilizar as diferentes vías de participación

ciudadá habilitadas polo Parlamento, entre as que se referiu expresamente ás proposicións de non de lei e as preguntas ao Goberno de iniciativa cidadá.

A inclusión como obxectivo

Miguel Ángel Santalices Vieira recordou que a Oferta de Emprego Público do Parlamento de Galicia para 2017 inclúe unha praza de uxier reservada a persoas con discapacidade intelectual. Trátase, ao seu xuízo, de un paso pequeno co que se pretende contribuír a impulsar a inclusión das persoas con discapacidade intelectual.

O presidente da Cámara puxo en valor o traballo desenvolvido por ASPAS desde a súa fundación e agradeceu a implicación de todas as persoas que participan e colaboran con esta entidade.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.